



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 13

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 30 de xullo de 2009

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa das deputadas e dos deputados do G. P. dos Socialistas de Galicia, para informar da situación e explicar a súa posición ante o novo sistema de financiamento autonómico para a Comunidade Autónoma de Galicia. (doc. núm. 3711, 08/CPP-0058)

Publicación da iniciativa BOPG núm. 49 de 15-7-2009

Ábrese a sesión ás doce e tres minutos do mediodía.

Punto único. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa das deputadas e dos deputados do G. P. dos Socialistas de Galicia, para informar da situación e explicar a súa posición ante o novo sistema de financiamento autonómico para a Comunidade Autónoma de Galicia

Intervención do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo.* (Páx. 3.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Vázquez Fernández (S)* (Páx. 8.), *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 11.), e *Sr. Ruíz Rivas (P)* (Páx. 13.).

Réplica do Goberno: *Sr. presidente da Xunta, Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.(Páx. 18.) *Nesta rolda interveñen o señor Vázquez Fernández (S)* (Páx. 18.), *o señor Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 19.), e *o señor Ruíz Rivas (P)* (Páx. 21.).

Dúplica do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Remata a sesión ás dúas da tarde.

Ábrese a sesión ás doce e tres minutos do mediodía.

A señora PRESIDENTA: Señorías, por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Bos días, señorías. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 51, fascículo 2, do 24 de xullo de 2009, polo que non se procede á súa lectura.

Entramos, pois, na orde do día.

Punto único. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa das deputadas e dos deputados do G. P. dos Socialistas de Galicia, para informar da situación e explicar a súa posición ante o novo sistema de financiamento autonómico para a Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor NÚÑEZ FEIJÓO: Señora presidenta, señorías, comparezo diante do Parlamento de Galicia para informar acerca da posición da Comunidade Autónoma ante o proceso de negociación do novo modelo de financiamento autonómico. Con esta comparecencia pretendo manter o compromiso de informar permanentemente á Cámara nun asunto de tanta transcendencia para o noso país.

Ao longo desta intervención, intentarei darlles as claves do proceso ao que asistimos ao longo destes últimos tres meses, dende a toma de posesión do Goberno saído das urnas o 1 de marzo.

Tratarei de desenvolver esta comparecencia en catro puntos:

O primeiro, un pequeno resumo histórico de como se desenvolveu este proceso ata a celebración do Consello de Política Fiscal e Financeira, o pasado día 15 deste mes.

En segundo lugar, comentarei, loxicamente, as actitudes das administracións públicas, por un lado da Xunta de Gal-

icia e, por outro, da Administración xeral do Estado, do Goberno de España.

En terceiro lugar, exporei a nosa valoración, a valoración do modelo que se pretendeu aprobar no Consello de Política Fiscal e Financeira.

E, por último, analizarei cal foi, cal é e cal creo que debe ser a nosa postura neste proceso.

Permítanme comezar, por tanto, por expoñer un pequeno resumo dos feitos. Como é ben sabido, a negociación deste modelo non comezou hai tres meses, hai bastante tempo que o Goberno do Estado viña traballando no novo modelo para intentar dar respostas ás necesidades de financiamento dos servizos públicos xestionados polas comunidades autónomas.

O contexto da negociación do Goberno central estaba marcado por unha situación política e unha situación económica coñecida. A situación política estaba marcada, y está marcada, por un goberno central en minoría, cunha clara necesidade de chegar a acordos parlamentarios con grupos, iso si, de escasa relevancia ou representación parlamentaria, e, por suposto, lamentablemente, con grupos que, a pesares da súa escasa relevancia e representación parlamentaria, teñen posicións claramente reivindicativas do que, ao noso entender, son privilexios.

No plano económico, a situación na que o Goberno contextualizou o debate é coñecida, unha crise de dimensións históricas que está a supoñer un descenso na recadación histórica da facenda pública española e, en consecuencia, tamén das facendas autonómicas.

Sen dúbida, tanto o contexto político como o contexto económico desta negociación está complementado con outros aspectos a seguir. O primeiro, a evolución demográfica. É certo que hai comunidades autónomas que incrementaron notablemente a súa poboación, a súa poboación xove; e é certo tamén que hai outras comunidades autónomas que incrementamos a nosa poboación, a nosa poboación avellentada. É certo tamén que se aprobou unha lei, unha lei importante, que foi cualificada como cuarto estado do benestar, a Lei da dependencia, que supoño, señorías, todos estamos de acordo, non ten o financiamento suficiente para que as

comunidades autónomas poidan facer fronte ás obrigas que derivan da lei.

Por último, un dos aspectos non menos relevantes era dar cumprimento ao estatuto dunha determinada comunidade autónoma que condiciona criterios de reparto do financiamento do resto das comunidades autónomas do Estado.

A situación na que se atopa o Goberno da Xunta de Galicia, que represento nesta tribuna, polo tanto, é unha situación marcada por un proceso de negociación xa avanzado e por un proxecto de modelo deseñado cuns principios que non se axustaban, na nosa opinión, á realidade dos diferentes custos dos servizos públicos das comunidades autónomas, e que, desde logo, eses principios en nada beneficiaban as teses nin do anterior Goberno da Xunta nin do actual Goberno da Xunta.

Teño que dicir, señorías, que a información recibida polo anterior Goberno da Xunta foi unha información axeitada. Teño que agradecer, neste punto, a información que recibimos no Goberno, e concretamente a que recibín eu do señor Touriño na reunión que fixemos en Monte Pío no traspaso de poderes. Sobre este asunto, o Goberno anterior nos deu cumprida mostra da información que tiña ao seu dispor.

Polo tanto, a situación na que este Goberno afronta o financiamento autonómico está plantexada nos seguintes termos. Atopámonos cunha proposta do Goberno dada a coñecer xa en decembro do ano 2008. Atopámonos, iso si, cunha proposta sen cifras e sen indicacións concretas do funcionamento do modelo nos seguintes anos. Atopámonos cun documento que non beneficia os intereses obxectivos de Galicia. Atopámonos cun documento que lamentablemente, segundo o Goberno, era un documento inamovible. E, sobre todo, atopámonos cunha cuestión sorprendente: xa sabíamos que ese modelo tiña que estar pechado en xullo, ocorrera o que ocorrera, chegárase a acordo ou non acordo, conseguírase ou non o consenso entre as comunidades autónomas.

Polo tanto, o obxectivo, señorías, era pechar de calquera forma, pero pechar o acordo de financiamento no mes de xullo. Ese era o obxectivo do Goberno, expresado polos distintos interlocutores do Goberno central.

Señorías, encontrámonos cun mal documento, cun mal modelo, cunha decisión política que precisa o apoio parlamentario dos socios no Congreso dos Deputados, e, iso si, cunhas comunidades autónomas que asistimos a esta situación económica e política durante este tempo.

A conduta política do Goberno da Xunta de Galicia con este contexto é moi clara, poñernos a traballar, se é posible co consenso dos grupos parlamentarios, para intentar chegar a un acordo de financiamento que non prexudicara a Galicia no contexto que acabo de describir.

Desde o primeiro momento manifestamos a nosa intención de ir xuntos neste proceso. Aos quince días de tomar posesión o Goberno, a primeira reunión da conselleira de Facenda cos grupos parlamentarios prodúcese, concretamente, o 8 de maio. Neste Parlamento, o 9 de xuño, aprobamos por unanimidade cales son os principios básicos irrenunciáveis da postura de Galicia: o da suficiencia, é dicir, os custos reais dos servizos públicos que prestamos e, polo tanto, o peso do avellentamento da orografía, da lingua, e dos residentes ausentes.

En segundo lugar, o principio da igualdade. Calidade de todos os servizos públicos, da sanidade, educación e dos servizos sociais, en todas as comunidades autónomas, co mesmo rango e coas mesmas posibilidades.

O terceiro principio, o de autonomía financeira e corresponsabilidade fiscal.

O cuarto, diría eu, non principio, senón obxectivo, manter a posición relativa da Comunidade Autónoma.

Esta foi a nosa guía de traballo durante estes meses, esta foi a nosa guía de traballo durante estas semanas, esta foi unha guía de traballo da que non nos apartamos nin un milímetro ata o día de hoxe, que comparezo para dar conta dos resultados desa guía de traballo.

Permítame recordar por que digo que esa foi a nosa guía de traballo. Na reunión que mantiven o 15 de xuño co presidente do Goberno de España, fixénlle ver o acordo parlamentario, do que lle entreguei copia, ademais dos comentarios correspondentes ao referido acordo parlamentario de unanimidade dos criterios que tiña que ter en conta un bo acordo de financiamento.

Acreditei tamén esa guía de traballo cando pedín a comparecencia, e fíxeno o 23 de xuño, para informar da reunión mantida co presidente do Goberno en Moncloa, onde advertín a preocupación coa que saín, no relativo ao financiamento autonómico, desa reunión co presidente.

Non nos permitía ser optimistas esa reunión, e non nos permitía ser optimistas porque o presidente non comprometeu ningún dos criterios que se concretaban desde o punto de vista de cifras e o presidente deume unha cifra insuficiente, claramente, sobre o acordo de financiamento que me pediu non facer pública namentres non avanzáramos na negociacións, obxectivo que cumprín. Quero dicirlles que non me permitiu ser optimista no relativo ao financiamento esa xuntanza, e os pasos seguintes abundaban no pesimismo.

Ao día seguinte da visita á Moncloa, o presidente do Goberno de España dixo en Cataluña que o novo sistema de financiamento suporía que Cataluña estivese por riba da media en financiamento *per capita*.

Resultaba preocupante que, na entrevista a petición do vicepresidente terceiro do Goberno que tivemos en Raxoi, o vicepresidente dixera diante de todos os medios de comunicación que se comprometía a un fondo de emigración, que se comprometía a manter os fondos de dispersión e que traballaría no escenario de manter a porcentaxe de financiamento que tiña actualmente a Comunidade Autónoma. Sen embargo, ao día seguinte, 24 horas despois, na entrevista coa vicepresidenta segunda do Goberno, xa deixou claro que os compromisos asumidos polo vicepresidente terceiro en nada lle obrigaban, dado que non era competente nos termos do financiamento.

Sendo así, e sen ningún dato concreto salvo as visitas, os comentarios –sen papeis–, cos vicepresidentes o domingo 12 de xullo o Goberno remite, pola tarde, ás comunidades autónomas o primeiro papel co obxecto de ser avaliado 48 horas despois no Consello de Política Fiscal e Financeira. Ás seis da tarde o modelo remitía finalmente o seu modelo. A Xunta de Galicia ao día seguinte fixo dúas cousas: a primeira, volver reunir os grupos parlamentarios, e a segunda, remitir a través de alegacións a postura da comunidade autónoma para que quedara patente que non estabamos de acordo con esa proposta.

Lamentablemente, ás 48 horas seguintes, o 15 de xullo, convócase, perdón, celébrase o Consello de Política Fiscal e Financeira, dando tan só ás comunidades autónomas 48 horas para facer alegación sobre un documento que non coñecemos e que non coñecían a inmensa maioría das comunidades autónomas, cecais todas non a coñecían, salvo dúas.

Quero dicir, polo tanto, que o 16 de xullo, ao día seguinte, volvemos ter outra reunión cos grupos parlamentarios para dar conta na nosa postura no Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado obrigatoriamente o día anterior, 15 de xullo, e convocado con 48 horas despois de ter o primeiro e único papel que se presentou a este Goberno.

Señorías, permítanme que faga unha breve mención das actitudes e da lealdade institucional da Xunta de Galicia e do Goberno de España. Sobre a actitude da Xunta de Galicia, en primeiro lugar, un respecto escrupuloso aos acordos e aos consensos acadados neste Parlamento. Mantivemos unha actitude de permanente colaboración cos grupos parlamentarios. Houbo catro reunións entre a conselleira de Facenda e os grupos parlamentarios. Tiven ocasión de reunirme co líder do Partido Socialista de Galicia e co líder do Bloque Nacionalista Galego, o 8 e o 9 de xullo. Tiven ocasión de falar con bastante intensidade con algúns presidentes de comunidades autónomas, sobre todo do noroeste, e de manter unha postura única entre Castela-León e Galicia, postura á que xa previamente o Principado de Asturias dera o visto e praxe nun documento asinado co presidente de Castela e León. Tivemos reunións, efectivamente, como acabo de referir, co presidente do Goberno de España e dous dos seus tres vicepresidentes. Remitimos en espazo de horas as acreditacións técnicas das nosas alegacións cada vez que eramos requiridos para iso.

En definitiva, creo que a postura de Galicia ou a postura da Xunta de Galicia foi de respecto e defensa dos acordos parlamentarios en Galicia, de cooperación leal co Estado e coas comunidades autónomas, de busca permanente de consenso coas forzas políticas sociais de Galicia, e de lealdade institucional nun pacto de Estado. Porque o financiamento das comunidades autónomas ata o de agora foi un pacto de Estado, porque todas as comunidades autónomas tiñan subscrito o sistema de financiamento das comunidades autónomas.

A actitude do Goberno de España é unha actitude que contrasta, que contrasta sobre a lealdade do Goberno da Xunta de Galicia. A información –como digo– foi escasa ou inexistente, de feito non dispuxemos de nin un só papel ata corenta e oito horas antes de ter que votar o papel que se nos remitía un domingo ás seis da tarde. As reunións eran, como mínimo, contraditorias; as mensaxes públicas eran claramente contraditorias. Entre as mensaxes do vicepresidente terceiro e da vicepresidenta segunda, estaba claro que estábamos falando con dous interlocutores distintos, iso si, sobre un mesmo contido.

Non houbo negociación entre as comunidades autónomas, senón entre o Partido Socialista Obreiro Español, entre o Partido Socialista de Cataluña e Esquerra Republicana de Cataluña, e posiblemente en menor medida, tamén co partido Socialista de Andalucía. Pero non houbo negociacións coas comunidades autónomas, e iso teño que salientalo despois de contrastar esta información coa inmensa maioría dos presidentes das comunidades autónomas de calquera partido político. Por iso quero dicir que non había vontade de acordar coas comunidades autónomas, senón de acordar o Goberno cos seus socios parlamentarios. A proba deste ningún interese en pactar coas comunidades autónomas é que, cando mandan o papel ao Consello de Política Fiscal e Financeira, xa estaba pactado. A proba máis evidente de que non había interese de acordar é que primeiramente acordaron, e posteriormente o acordo foi transmitido ás comunidades autónomas aquel domingo ás seis da tarde.

Señorías, creo que fomos leais, creo que fomos dilixentes, e creo que fomos coherentes, e lamentablemente non podo dicir o mesmo do Goberno de España. Creo que non foi leal, creo que non foi dilixente, e creo que non foi coherente. Quixera, para ir rematando, facer avaliación do modelo proposto. A avaliación global do modelo proposto é un incremento das desigualdades. A avaliación global do modelo proposto é unha clara limitación da solidariedade interterritorial.

Vou facer unha análise o máis subxectiva posible, destacando, por suposto, os aspectos negativos do modelo e tamén non tendo ningún inconveniente en poñer enriba da mesa algún aspecto positivo deste modelo, pero sen cambiar para nada a posición que ten o Goberno da Xunta de Galicia en relación con este novo modelo: incrementa as desigual-

dades e hai unha clara limitación ao principio de solidariedade interterritorial.

Os aspectos negativos deste modelo, señorías, na nosa opinión, son os seguintes: limitáase a solidariedade interterritorial; hai un claro abuso da variable de poboación; non se consideran os tramos de idade para maiores de 65 anos, que teñen un evidente peso no custe sanitario e no custe dos servidores sociais; hai unha redución do peso da variable dispersión; e hai unha absoluta falta de consideración do 14% da poboación galega residente no exterior.

Estes son os motivos que nos levan a facer unha análise negativa dese modelo. Quixera simplemente, para ir rematando, concretar os razoamentos de cada un deles.

Cando digo que hai unha limitación da solidariedade interterritorial é porque, por primeira vez na historia do Estado autonómico, se pasa dun sistema de nivelación total a un sistema de nivelación parcial; é dicir, non todos os recursos públicos quedan ao servizo das comunidades autónomas; non toda recadación do Estado, o cen por cen, queda ao servizo do financiamento do cen por cen das comunidades autónomas. Agora, o 25% do que se recada en cada comunidade autónoma queda exclusivamente para o financiamento desa comunidade autónoma; é dicir, se rompe do cen por cen da recadación para todos e se pasa ao 75% da recadación para todos, o cal significa que as comunidades autónomas con maior recadación preservan o 25% da súa recadación exclusivamente para os seus intereses. Polo tanto, hai unha ruptura claramente do principio de solidariedade que estaba comprometido en anteriores modelos.

Esta reiterada petición de incrementar como mínimo ese 75% como mínimo ao 85% para que fora o fondo para repartir entre todos, foi claramente rexeitada polo Goberno, e este fondo lamentablemente, ademais, o 75% será distribuído basicamente en función da poboación, por iso entramos na segunda parte, un abuso da variable de poboación.

O modelo abusa da variable de poboación tanto no modelo básico como nos fondos adicionais. A poboación, señorías, é un factor, pero non o único factor. A poboación é certo que conleva incremento de custos, pero tamén conleva dinamismo económico e incremento de ingresos. O incremento da poboación xoven supón un custo para as comuni-

dades autónomas, pero o incremento da poboación avellentada supón tres veces máis de custo que o incremento da poboación xoven. Por iso, señorías, non podemos estar de acordo con este sistema de financiamento, e voules poñer algúns exemplos.

Dos 4.900 millóns destinados a fondos adicionais para reforzar o Estado de benestar, tan só o 3% lle corresponde a Galicia. Este problema agrávase todavía con máis incongruencias. Un dos fondos adicionais, o de competitividade, se fai para as comunidades autónomas en relación coa súa capacidade ou esforzo fiscal; é dicir, un fondo claramente para as comunidades autónomas máis desenvolvidas economicamente, é dicir, máis ricas. Sen embargo, o fondo de cooperación, que está destinado ás comunidades autónomas con menor renda, distribúe atendendo á variable de poboación en termos absolutos, e non atendendo á variable de poboación axustada.

Este tipo de consideracións, señorías, teñen un porqué, e o porqué é porque interesaba a determinadas comunidades autónomas, sobre todo á Comunidade Autónoma de Andalucía, que o fondo de cooperación onde estaba Andalucía, Galicia e outras, non se fixera o seu reparto en función da poboación axustada senón da poboación absoluta; isto, efectivamente, beneficia a uns e prexudica a outros.

Non estamos de acordo con este sistema porque non se consideraron os tramos de idade superiores a 65 anos, aínda que si temos que recoñecer que por primeira vez se inclúen sete tramos por idades nas variables que financian o gasto sanitario. Pero é certo que hai idades entre 65 e 85 anos, e máis de 85, que quedaron fóra da ponderación da poboación axustada.

Digo, señorías, que non podemos apoiar este acordo de financiamento porque se reduciu o peso da variable de dispersión, e este debate, que compromete á vicepresidenta segunda do Goberno a manter outra vez na Comisión Bilateral con Galicia no momento de concretar as cifras, é certo que, segundo a vicepresidenta segunda, os fondos de dispersión diminúen, segundo a Xunta de Galicia, os fondos de dispersión si diminúen, e temos o compromiso político de volver a ver os fondos de dispersión, a ver se ten razón a vicepresidenta segunda ou, pola contra, os técnicos da Xunta de Galicia.

Señorías, hai un compromiso político paralelo, veremos a ver en que queda ese compromiso político, por iso lles pido o seu apoio, para que ese compromiso político se faga de verdade, vendo as cifras e vendo exactamente cales son os fondos dedicados á dispersión.

E por último, o último motivo, e non menos importante, refírese á non consideración da emigración. Sen dúbida era un gran cabalo de batalla na nosa Comunidade Autónoma. É certo que nunca se financiou a emigración, pero é certo tamén que nunca tivo tanto peso a poboación en ningún sistema de financiamento. E é certo, ademais, que o modelo de financiamento actual o que establece é unha actualización en función da poboación. Pois se a poboación ten tanta importancia, Galicia ten o 14% da súa poboación pola que non se recibe un só euro para as necesidades básicas da mesma, e esas necesidades básicas, señorías, teñen obrigas legais para a Comunidade Autónoma. O Estatuto de autonomía de Galicia recoñece expresamente o feito da galeguidade. O Estatuto dos españois residentes no exterior sinala obrigas non só para a Administración do Estado, senón tamén para as comunidades autónomas, de atender os custos que supón a emigración.

Señorías, este non é un tema menor. Temos o 27% da total da emigración de España. A media de residentes no exterior das comunidades autónomas está por debaixo do 3% do seu censo. En Galicia, os residentes fóra da Comunidade Autónoma están no 14% do seu censo. Se hai dereitos políticos, ten que haber dereitos económicos. E nisto, señoría, tampouco o Goberno central tivo a máis mínima sensibilidade para aceptar este feito constatable, un feito a todas luces xusto en termos políticos, pero tamén en termos económicos. *(Aplausos.)*

Dicía, señorías, que non teño ningún inconveniente en sinalar cales foron —na nosa opinión— os aspectos menos negativos ou, como diría un optimista, os aspectos en parte positivos que se concretan neste acordo. É certo que se incrementa o fondo que Galicia ía recibir inicialmente. De 438 millóns de euros, primeira cifra segundo os datos que me foron facilitados, pasouse a 447 millóns de euros na reunión do 15 de xuño en Moncloa. Posteriormente pasouse o 12 de xullo a 590 millóns de euros. E segundo os datos que posúe a Comunidade Autónoma, ao final estamos falando dunha cifra de arredor de 654 millóns de euros, é dicir, 200

millóns de euros máis que a cifra inicial prevista nas primeiras xuntanzas co Goberno de España. Este incremento de 200 millóns de euros non é un incremento menor, pero si digo que é un incremento insuficiente en termos cuantitativos, e moito máis en termos cualitativos, da evolución do modelo nos seguintes anos.

Sen dúbida, outro aspecto positivo é que se incrementa a corresponsabilidade fiscal efectiva, e é certo tamén que se amplían as competencias normativas en materia de IRPF ás comunidades autónomas. É certo que se dotan con –parece ser– 29 millóns de euros –digo parece ser– as políticas lingüísticas das comunidades autónomas con coficialidade lingüística, e é certo que tamén no Consello o día 15 se conseguiu que o Fondo de Compensación Interterritorial, que se mantén fóra do financiamento, o aumento dese Fondo de Compensación Interterritorial non conleva automaticamente o incremento do Fondo de Competitividade, porque se realmente as comunidades autónomas que necesitan o Fondo de Cooperación Interterritorial automaticamente teñen que trasladar fondos a aquelas comunidades que teñen unha renda por riba da media, sería o máximo dentro do que é a insolidariedade tamén en materia de investimentos.

Señorías, é evidente que este acordo, na nosa opinión, en termos xerais, segue sendo negativo para os intereses de Galicia, e por iso non vamos apoiar este acordo. É certo, señorías, que coñecemos cifras que melloraron –200 millóns de euros é unha contía que hai que recoñecer–, pero tamén é certo que todavía queda por definir nas respectivas comisións mixtas a cantidade exacta que vamos percibir as comunidades autónomas.

Estamos todavía nun escenario marcado pola incertidume, a vicepresidenta segunda do Goberno nega a súa comparecencia ata o día 26 agosto no Congreso dos Deputados, alí supoño que por primeira vez lle dirá ao Estado, é dicir, ás comunidades autónomas que formamos parte do Estado, cales son as contías que nos corresponden a todas, para ver se a suma son 11.000 ou máis millóns de euros. O que si é certo é que estamos –espero– cun modelo con data de caducidade. O que si é certo que este modelo non beneficia a Galicia nin a outras comunidades autónomas; este modelo non beneficia á solidariedade das comunidades autónomas; e é un modelo que se constrúe sen unha base sólida, sen contemplar os parámetros de custo real da prestación de servi-

zos públicos, sen garantir os principios de igualdade e sen as garantías de suficiencia, e por iso espero que este modelo se revise en profundidade no futuro próximo.

Creo que substituír un acordo unánime das comunidades autónomas por un desacordo evidente non pode ser cualificado de exitoso. Estase rachando o consenso e facéndolle un fraco favor ás comunidades autónomas. Por iso, señorías, nós non podemos apoiar o modelo, non podemos apoiar o modelo que limita a solidariedade, que descarta considerar a emigración e que non garanta a posición relativa de Galicia no modelo vixente. É certo, e sabemos que ao ministerio todavía lle resta por concretar coas comunidades autónomas na comisión mixta os aspectos e as cifras exactas que imos percibir, e é certo que neste contexto a Comunidade Autónoma galega non apoia ese acordo de financiamento polas razóns que acabo de expoñer e sobre todo por unha razón básica, porque o mandato do Parlamento de Galicia non foi reflectido no acordo de financiamento da Comunidade Autónoma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Deputadas, deputados, permítanme que empece falando nun pleno tan importante como é o desta comparecencia coas últimas verbas do presidente Feijóo: É un acordo tan malo, tan malo, é un acordo tan malo, tan malo, que o vai firmar dentro de dous meses. É un acordo tan malo que vostede, como presidente de Galicia, vai firmar ese acordo na comisión bilateral dentro duns meses. Por iso que vostede vén aquí a facer unha cousa difícil de entender, a dicir que si e que non ao mesmo tempo, como estivo mantendo unha postura difícil de comprender ao longo de todos estes meses que durou esta proposta de novo financiamento do modelo autonómico.

En todo caso, vostede é o que vai ter que explicar que cando dixo “nunca jamás”, era “xa veremos”, e cando di que non vai ser que si, porque no fondo, señor Feijóo, vostede

sabe que estamos a falar dunha proposta na que hai que facer dous grandes bloques, e o primeiro gran bloque é non confundir os fondos adicionais co final modelo de financiamento que van ter as comunidades autónomas... E permítame que lle diga con claridade e con rotundidade que este modelo de financiamento do reparto de fondos é un bo modelo para Galicia, e vostede ten que transmitirlle –e sábeo facer, pero non o quere facer– que Galicia, grazas a que o Goberno central vai poñer 11.000 millóns de euros máis encima da mesa, vai recibir –e recordo a cifra, que non lle gusta, oxalá vostede teña razón– 620 millóns de euros, e que van ser 620 millóns de euros que van suplementar as necesidades das comunidades autónomas, que os galegos e as galegas van ter 620 millóns de euros a maiores para mellorar a súa calidade de vida e que van ter 620 millóns de euros para mellorar basicamente os piares do Estado de benestar. E sabe vostede que, de cada cinco euros que se reciban, catro van ser para mellorar a educación, a sanidade e a dependencia.

Por iso é que, señor Feijóo, o primeiro que lle pido aquí, que non o dixo... Vostede dedicouse a explicar por que isto non lle gustou como saíu, pero o que lles importa aos galegos de verdade son dous grandes conceptos: primeiro, imos recibir 620 millóns de euros a maiores; segundo –que vostede non falou diso e eu pediríalle que fale–, ¿en que os vai gastar? ¿A que llos vai destinar?

Eu pídlle aquí que aplique o mesmo modelo co que se lle reparten eses fondos, que, de cada cinco euros que reciba..., se comprometa nesta tribuna parlamentaria a seguir o modelo de catro de cada cinco euros para os piares dos sistemas públicos fundamentais: para a educación, para a sanidade e para a Lei de dependencia; (*Aplausos.*) co cal, nese momento empezamos a falar, señor Feijóo, de idiomas parecidos.

Vostede, ¿que vai facer? Vostede vai facer o que fixo xa cando falou dos 1.200 millóns de euros. Cando vostede falou e a conselleira dixo: “un plan de choque de 1.200 millóns de euros”, dixo en qué ía gastar eses 1.200 millóns de euros, pero segue ocultándolles á Cámara e a Galicia de onde sacou nos presupostos eses 1.200 millóns de euros. Pedímoslle por escrito –si, señoras deputadas– hai un mes unha cousa tan de sentido común como que nese cambio de partida presupostaria nos deixe ver de onde sacan os 1.200 millóns para facer ese plan de choque. E ségueno ocultando, porque non lle

queren dicir a Galicia de onde lle están sacando o diñeiro do que despois non van falar.

Mire, o máis importante para Galicia é que hai que enmarcar isto nun contexto. No modelo de financiamento do plan adicional ten que entender o seguinte: no reparto dese 80% de fondos para os servizos públicos fundamentais, Galicia sae cun 7,4% de porcentaxe; no montante final, que é sumando o fondo adicional máis o fondo base –que imos á orde dos 8.800 millóns–, estamos nun 7% do sistema de financiamento.

Cando nós falamos tamén de que hai que poñer enriba da mesa datos relativos á poboación, señor Feijóo, temos un problema –non digo nós, Galicia, nin vostede–; as comunidades autónomas da franxa oeste deste territorio temos un problema estrutural, que é do que temos que falar tamén. O incremento poboacional ten un desequilibrio brutal, señor Feijóo, que é que Asturias, Galicia, Castilla-León e Extremadura nos últimos dez anos ningunha chegou a crecer nin un 3% de poboación, mentres que as comunidades da franxa leste oscilan entre un 23% e un 33% de crecemento. Iso non se arregla cun modelo de financiamento. Nós temos un problema estrutural e imos coincidir con vostede nun concepto, que é no Fondo de Compensación, no modelo interterritorial, que temos que falar del e imos buscar fórmulas para falar del.

Mire, vostede recoñeceu aquí, como sempre, as verdades a medias: mellora claramente o modelo de dispersión, e pasamos a un nivel que practicamente vai acadar o 0,77% de coeficiente. Pero vostede sabe e a conselleira sabe –e haino que dicir nesta Cámara para que o saiban todos os galegos– que no debate que tiveron entre luns e mércores a vostede lle puxeron 100 millóns de euros enriba da mesa máis para modificar á alza o modelo de dispersión, do que lle tocaban 34 millóns de euros a Galicia, vinte e algo millóns a Castilla-León e algo a Asturias, que eran os máis favorecidos por este tema, e vostede ten que dicirlle aquí con tranquilidade á xente que vostede dixo que non, que non quería ese modelo, que non lle gustaba ese modelo, e dixo que non a eses 100 millóns de euros que decaeron e xa non se incluíron nesa negociación para chegar ao Consello de Política Fiscal e Financeira con 100 millóns de euros [...].

Vostede ten que entender e eu quero plantexar que este modelo ten debilidades e fortalezas, pero é que, sexamos

realistas, non estamos falando do modelo de financiamento autonómico de Galicia, estamos falando do modelo de financiamento autonómico de España; un modelo que se constrúe para as 17 comunidades autónomas. E só desde a inxenuidade, só desde a demagoxia, se podería pretender que o modelo se constrúe a medida de Galicia. Eu creo que este modelo leva adiante melloras substantivas nos grupos de idade, sete grupos de idade, no modelo de dispersión, no incremento dunha cousa da que vostede non quixo falar nin dixo unha soa palabra, que é a garantía de homoxeneizar os servizos públicos fundamentais en todo o territorio nacional para que todos os homes e mulleres deste país, vivan en Galicia, vivan en Cataluña ou vivan en Asturias, aqueles elementos básicos, como son a educación, dependencia, políticas sociais e basicamente tamén a sanidade teñan garantido un sistema homoxéneo.

Vostede fala do modelo catalán. Claro, vostede non distingue entre transferencias homoxéneas e aquelas comunidades que teñen máis transferencias, e eu quero dicirlle que de todo este modelo hai que falar de que, sendo un modelo razoablemente bo para Galicia, fomos a el cunha debilidade: non tiñamos Estatuto blindado, como tiñan outras seis comunidades autónomas, porque vostede impediu blindar o Estatuto galego hai dous anos e agora (*Aplausos.*) estamos pagando todos nós.

Por iso que o quero emprazar, señor Feijóo, si, mire, eu quéroo emprazar a que vostede agora como presidente da Xunta manteña unha liña de coherencia. Estamos facendo unha proposta eu creo que todos os grupos parlamentarios, todos debemos de acadar un novo estatuto de autonomía, e temos que acadar un novo modelo onde se blinden aqueles conceptos que nos minoran con outras comunidades autónomas.

Quero dicirlle que coincidimos nalgúñas cousas, que hai que seguir traballando, pero vostede sabe que o modelo este do Consello de Política Fiscal e Financeira practicamente está rematado, pero o que se mellorou en dispersión hai que seguilo mellorando, e hai que traballar para seguir incrementando o modelo de dispersión porque vai ser o único elemento que nos vai favorecer.

Tamén lle quero recordar un detalle, hai que ter responsabilidade fiscal e financeira, señor Feijóo. Non se pode ir

a un debate de financiamento autonómico cando todos os presidentes e cidadáns doutras comunidades oen que queremos máis solidariedade e estamos baixando os impostos de maneira demagóxica. Non se poden facer as dúas cousas; non vale pedir máis fondos e rebaixar aquí os impostos nese tema.

E, por último, e pídolle uns segundos de magnanimidade á presidenta, porque é un tema moi importante. No tema da emigración, ¿como non imos coincidir? Nós coincidimos en que hai un problema de financiamento de residentes ausentes, pero é un modelo que non está contemplado nin na participación dos ingresos dos tributos do Estado nos concellos nin no financiamento autonómico básico, e é moi difícil, señor Feijóo, meter nos fondos adicionais un concepto que non está nos sistemas básicos. Hai que falar diso, temos que falar diso, temos que falar e temos que plantexar un modelo novo onde os ayuntamientos, non só as comunidades autónomas, reciban fondos —como sabe vostede moi ben que non reciben— polos seus residentes ausentes. Sabe que non os reciben, por iso lle digo que, abertos a construír todo o que queira, pero vostede ten que ser e exercer de presidente de Galicia. Vostede foi de presidente do Partido Popular e neste momento vai recibir, Galicia recibe 620 millóns de euros máis, que eu lle pido expresamente, e pídollo, comprométase vostede a que o 80% deses recursos, como se fai na política do Estado, se adiquen a garantirlles a todos os homes e mulleres deste país que a dependencia, a sanidade e a educación sexan intocables. Ese é un bo pacto de Estado, é un bo pacto para Galicia, onde máis alá de todo o que queiramos plantexar vemos que temos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... un novo modelo de financiamento; mellorable, desde logo, pero que, en todo caso, é un modelo que vai mellorar ostensiblemente o anterior e que mellora claramente a calidade de vida de todos os homes e mulleres deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Si, grazas, señora presidenta.

Creo que non me engano, que estamos nun pleno extraordinario do Parlamento de Galiza pra falar do financiamento autonómico e de qué modelo de financiamento autonómico trouxo vostede, señor Feijóo, pra este país.

Digo que non me engano porque pra falar do Plan de choque teremos ocasión de facelo en setembro, pra falar de cómo actuou o Goberno español, desde logo fálase no Congreso dos Deputados o próximo día 26 de agosto, e falaremos tamén nesta Cámara, pero hoxe temos que falar de qué fixo a Xunta de Galiza singularmente e de qué fixo vostede pra traer a Galiza un sistema de financiamento que vostede mesmo reconece que non satisfai e que non abonda pra cubrir nin as nosas necesidades actuais nin tampouco as nosas necesidades futuras. Esa é a posición do Bloque Nacionalista Galego. Nós non vimos aquí a defender a posición do Goberno español nin a xustificar o inxustificábel, non, non é a posición do BNG; nós non vimos aquí a dicir que... Si, efectivamente, nós temos a camiseta de Galiza, non outra, esa é a nosa. (*Aplausos.*) Pero nos vimos aquí, señoría, a que vostede nos dea explicacións, e até o de agora non deu ningunha. O Bloque Nacionalista Galego propuxo na Deputación Permanente, propuxo na Xunta de Portavoces, que hoxe, neste Pleno, tiñamos que renovar o acordo parlamentario que entre todos acadamos o pasado 9 de xuño, que non podía limitarse este Pleno a unha comparecencia e a un debate no que cada grupo dixese o que lle parece e todos para casa, ¡non! Que tiñamos que renovar ese acordo, porque para o Bloque Nacionalista Galego aínda hai partido, o proceso non rematou. E por iso un acordo de mínimos que acadamos o 9 de xuño a música, temos que lle pór hoxe letra, deberíamos pórle hoxe letra; pero constatamos tamén que PP e PSOE se negaron, non quixeron que este Pleno fose un Pleno no que aprobásemos resolucións, no que substanciásemos un novo acordo parlamentar que marcasse con forza e con firmeza a posición de Galiza; non a posición do PSOE en Galiza ou a posición do PP en Galiza, a posición de Galiza, a posición de país, nun tema que para nós segue sendo un tema de país.

Mire, vostede non explicou, señor Feijóo, como é que di aquí: estamos en contra dun sistema, se vostede se abstivo no Consello de Política Fiscal e Financeira. Vostede non se opuxo no Consello de Política Fiscal e Financeira a este sis-

tema, vostede abstívose. E ¿por que se abstivo? Dixo: Non, é un rexeitamento intelixente. Eu chamaríalle covardía, chamaríalle... ben, que hai razóns que aínda non explicou pero que poden ser razóns poderosas, que poden até xustificar esa abstención. ¿Houbo algunha chantaxe, houbo —como acaban de dicir aquí— ofertas de fondos para...? Iso hai que dicilo, iso hai que dicilo nesta Tribuna. Porque claro, o que non se pode, señor Feijóo, é dicir o día 14 de xullo: Feijóo insta a todas as autonomías a rexeitar que Cataluña leve o diñeiro de todos. ¡Home, podería engadirlle Madrid, Valencia e Murcia, porque tamén levan! Isto o 14 de xullo, e ese mesmo día di: Non nos vincula ningún pacto no que non participamos. 15 de xullo, reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira: O PP de Galiza, abstense, a señora conselleira de Facenda, abstense. E di: Non, abstivémonos porque á última hora, na reunión preparatoria, conseguimos 60 millóns de euros máis, que agora o PSOE nega. Debe ser que hai información privilexiada tamén por varias vías. Pero, claro, a razón de fondo non foi que se conseguise un acordo, que se conseguisen uns recursos adicionais que logo non existen. Vostede mesmo dicía, nunha entrevista recente: Ben, eses recursos, eses 34 millóns, non están garantidos, non están asegurados. Non, a razón de fondo é outra, a razón de fondo nola daba o periódico *El Mundo*, non próximo, precisamente, ao BNG, o xoves día 16: “*Rajoy impone a sus comunidades la abstención para dar imagen de unidad*”. Esta é a razón. É dicir, que vostede en todo este proceso, fiel aos cen días que leva na Xunta de Galicia, á súa traxectoria, na que leva máis ou menos unha media de dous días á semana en Madrid —iso si, pagado por nós, cos cartos de todos, esa é a súa austeridade—, vostede está máis preocupado do que pensen os medios de Madrid e do que diga Mariano Rajoy que de defender os intereses de Galiza, porque, se non fose así, señor Feijóo, se vostede realmente quixese defender os intereses de Galiza dunha forma solvente, tiña que ter posto un modelo e unha proposta enriba da mesa. Aquí non vale dicir que non nos serve este modelo. Non. ¿Cal é a súa proposta? Estivémoslle reclamando a vostede e á conselleira de Facenda desde o Bloque Nacionalista Galego en canta ocasión tivemos, en canta reunión mantivemos, e fixémoslo, ademais, con lealdade, con lealdade, porque esta non é unha cuestión de partido, é unha cuestión de país. Pero vostede en ningún momento concretou cal era o seu modelo. ¿Por que? Porque o seu modelo era, simplemente, o que en cada momento ordenase Mariano Rajoy. Como no tema das caixas de aforros. Mariano Rajoy di que é bo que as caixas de

aforros galegas sexan absorbidas por caixas de fóra, e vostede aínda non se pronunciou, non lle pode levar a contraria. Pois aquí conviña levarlle a contraria a Mariano Rajoy e conviña levarlle a contraria a Esperanza Aguirre, conviña defender os intereses de Galiza.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, señorías, temos un modelo, o noso, que entendemos que é o mellor para Galiza. Entendemos que á hora de propor e á hora de formular un sistema de financiamento que satisfaga, que realmente encha as demandas de financiamento deste país, é necesario partir, en primeiro lugar, dun cálculo rigoroso das necesidades de gasto, de todas, non só dos servizos públicos fundamentais, porque tamén a vivenda, tamén a xustiza, tamén hai moitas outras cuestións que quedan fóra deste modelo. Nós iso non o aplaudimos; hai quen o aplaude, nós non. Por certo, estaba no acordo parlamentario o día 9 de xuño. Todas as competencias transferidas, suficiencia en todas as competencias e servizos transferidos, non só nalgúns. Un cálculo rigoroso quere dicir falar do avellentamento, da dispersión, da orografía, da emigración, e vostede aí fallou, iso non se conseguiu.

En segundo lugar, que esas necesidades de financiamento así calculadas, dun xeito rigoroso, teñen que se cubrir cos impostos –como de feito xa o están– que pagamos os galegos.

¿Por que razón temos que fixar porcentaxes de cesión, porcentaxes de recadación territorializada, iguais para todas as comunidades autónomas cando as realidades son tan diferentes? ¿Por que razón o 50/50/58 que marca Cataluña no seu Estatuto, e fai ben, en función das súas necesidades, que tamén lle convén a Madrid, que tamén lle convén a Valencia, ten que se nos impor a nós? Se somos diferentes no punto de partida, marquemos porcentaxes distintas para sermos iguais no punto de chegada. Nós dixémolo, por certo, xa na anterior lexislatura negociando o Estatuto, e PP e PSOE pactaron daquela –o señor Orza, e o señor Leiceaga– 50/50/58. ¿Quen é o que quere transplantar acriticamente este país o modelo catalán? E dixémolo, ademais, con base en cálculos. En Galiza o 80% da cesta de impostos –xa sen entrar no imposto de sociedades–, de IRPF, de IVA e impostos especiais, abundaría para cubrir as nosas necesidades de gasto, e non estaríamos dependendo desa mal chamada solidariedade que agora se ve –como dicíamos no Bloque Nacionalista Galego– que non existe.

Porque vexamos que é o que nos ofrece este modelo. Xa se dicía, 4.900 millóns para reforzar o Estado de benestar. Galiza leva 168, apenas o 3,43%. Do conxunto dos fondos adicionais, Galicia malamente chega ao 5%, ¿onde está a solidariedade? E no conxunto do sistema, por debaixo do 7%, moi por debaixo. É unha aproximación, porque, como non sabemos as cifras globais, non podemos saber cal é o noso peso relativo neste momento. O que si sabemos é que estamos moi lonxe do 7,8% que Galiza representaba no ano 1999, que é o ano base do actual sistema. Pese a este sistema é unha revisión do actual. Vaiamos ao ano base do actual sistema, que é o ano 1999, non o ano 2007, e, desde logo, tamén lonxe do 7,11 do ano 2007.

Polo tanto, señor Feijóo, ¿que trouxo vostede para este país? ¿Que trouxo vostede para este país? Un mal sistema de financiamento. Falloulle vostede a este país, señor Feijóo. Na súa primeira proba sería como presidente, falloulle a este país. Vostede dixo: Votaremos que non. Non aceptaremos ningún ultimátum. Non vamos soportar que Zapatero converta o sistema de financiamento nunha subhasta. Chega ao Consello de Política Fiscal e Financeira e non vota que non, abstense. Iso é aceptar implicitamente o modelo, señor Feijóo. Hai quen o acepta de forma entusiasta e explícita e hai quen o acepta de forma implícita e vergonzante; ese é vostede.

Vostede volveu de Madrid, señor Feijóo, sen honra e sen cartos, volveu sen os cartos que Galiza precisa e volveu tamén sen honra, porque consumou o descenso de Galiza a segunda división, porque lle fallou a este país, porque non estivo á altura do que este país precisa. Volveu sen os cartos que precisamos hoxe para garantir unha sanidade, unha educación, unha política de vivenda, unha política social de calidade. E volveu tamén sen asegurar os cartos que imos necesitar no futuro. ¿Como poden vostedes absterse diante dun modelo que recoñece a súa propia conselleira de Facenda –e por tanto supoño que recoñecerá vostede– que ano tras ano vai facer que Galiza perda, como mínimo, unha décima de peso relativo no conxunto do financiamento das comunidades autónomas? ¿Cal é a razón para absterse? ¿Que razóns poderosas fixeron que vostedes, no Consello de Política Fiscal e Financeira, no canto de votar que non, e por tanto de obedecer o mandato do Parlamento, porque o Parlamento non era unha vía de actuación, eran liñas vermellas que se cumprían ou non se cumprían, e claramente este acordo non as cumpre. ¿Por que vostedes non acataron o mandato par-

lamentario votando que non e se abstiveron?, ¿pola orde de Mariano Rajoy?, ¿por uns recursos que ao final non existen porque o PSOE llos nega? ¿Por que, señor Feijóo?

Espero que na súa próxima intervención nos diga cales son esas razóns poderosas, que neste momento descoñecemos, que levaron a que vostedes, no canto de votar que non, se abstiveran. Ten a obriga de dicilas. Xa que non imos renovar un acordo parlamentario, xa que non imos saír de aquí cun novo acordo, polo menos saíamos clarificados, saíamos coa verdade. Díganos a verdade, señor Feijóo. Vostede, que tanto presume de non mentir...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor AYMERICH CANO:... en todo caso, por unha vez –unha excepción non fai regra–, por unha vez diga a verdade, non minta, e díganos cales son as razóns que levaron a que no Consello de Política Fiscal e Financeira do día 15 vostede e a súa conselleira de Facenda traizoaran os intereses deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente da Xunta, aí escasamente cen días tomaba posesión o novo Goberno, e certamente a herdanza recibida era preocupante. Encontrámonos cunha profunda crise económica e política que lastraba de xeito importante o que era o noso presente. Pero ademais encontrabámonos coa Presidencia do Goberno de España que quería impoñer un modelo de financiamento ás comunidades que aí facer que as comunidades tiveran un financiamento certamente incerto, por non dicir negro.

Pois ben, eu creo que nestes cen días as dúbidas sobre o sistema seguen aí, pero alomenos xa sabemos todos os galegos que contan cun goberno serio que devolveu a estabilidade

de política a Galicia, que busca consensos, que se comporta con transparencia, que sabe actuar con lealdade institucional e, sobre todo, defende os intereses dos galegos con firmeza e rigor. Consenso que se buscou nesta Cámara e que se acadou na sesión plenaria do 9 de xuño, resolución que debíamos ter moi presentes á hora de facer as nosas valoracións. Nin todo é branco, nin todo é negro, por iso eu creo que a súa intervención de hoxe foi a máis centrada, a máis realista de todas as que aquí se teñen escoitado.

Transparencia porque hoxe temos un fíto histórico, como é a celebración deste Pleno. Por primeira vez a Deputación permanente deste Parlamento acorda a celebración dun pleno nun período non hábil, je non terían ocorrido cousas en Galiza nos últimos vinte anos nos meses de xuño, agosto ou de xaneiro! Pero o exemplo dáo vostede. E ademais porque, co simbolismo deste acto, tamén é nin mais nin menos que unha etapa máis da transparencia que se dou en todo o proceso. Vostede é a segunda vez que comparece por este tema. Vostede recibiu os líderes dos partidos da oposición, e a señora conselleira dounos toda a información que tiña no seu poder en catro xuntanzas con todos os grupos parlamentarios. E ademais vostede actuou con lealdade institucional. Con lealdade institucional co Goberno de España e co Goberno saínte de Galicia, facendo súas o que eran a continuidade das demandas; conseguindo, ademais, mellorar os resultados que ata entón tiña acadado o Goberno bipartito; e, polo tanto, foi fiel ao que deben ser os intereses de Galicia, actuando con lealdade institucional. Lealdade institucional que non tivo o Goberno do señor Zapatero, non só por enviar, como vostede dixo aquí, pola porta de atrás, un domingo, un documento practicamente pechado no que había que alegar en 48 horas, eu creo que dá moi ás claras cal era a intención do señor Zapatero. Ou as visitas deses ministros, un facendo de policía bo o outro de malo, indo polas comunidades dicíndolle a cada unha o que quería escoitar, pero cando se plasmou no papel só cumpriu con aquelas que lle interesaban, como era Cataluña ou como era Andalucía.

Pois ben, precisamente eu creo que o que aquí hoxe se escoitou contrasta con esa actitude do señor Zapatero, porque hoxe viñeron a recoñecer aquí, e recoñeceuno tanto o portavoz do Bloque Nacionalista Galego como o portavoz dos socialistas, que este sistema de financiamento é froito dunha chantaxe; dunha chantaxe na que a nosa comunidade

se viu prexudicada. Falabamos de estabilidade política, porque é moi importante falar de estabilidade política, porque caeron vostedes na conta da importancia que ten. Sen dúbida, se o Goberno do señor Zapatero tivese esa característica, hoxe non estaríamos a falar dun sistema inxusto e insolidario, porque o señor Zapatero o que buscaba era a súa estabilidade parlamentaria cedendo precisamente do que é de todos para os intereses dos nacionalismos cataláns e para o seu caladoiro de votos, como é Andalucía.

Pero nesa actitude do señor Zapatero hai cómplices, señor Aymerich, porque, ¿por que chegou ata aquí o señor Zapatero? Nin máis nin menos polo apoio de grupos como o seu, que sempre estiveron ao lado do señor Zapatero, dos seus presupostos e de ministras como era a señora Magdalena Álvarez. Porque hoxe vostedes, señor Aymerich, non aplauden o Pacto das infraestruturas, hoxe vostede non aplaude o financiamento que se acorda para esta comunidade, pero ¿que faría vostede de seguir no Goberno? Porque vostedes tiñan uns resultados moito peores dos que están acadados por agora. A triste realidade é que, despois de todo o que ten loitado o señor Quintana, ¿verdade? alí en Madrid, vostedes hoxe en día non significan nada en Galicia porque os galegos así o queren e non os necesitan para nada de novo en Madrid; son un corcho á deriva.

Pero, mire, ¿que tería ocorrido se en vez de estar un goberno serio e responsable estiveran vostedes na Xunta de Galicia? Porque hoxe escoitamos as súas posturas, escoitamos o BNG, escoitamos o PSOE, ¿que estaríamos?, ¿volverían vender a Galicia pola estabilidade dun goberno, como venderon a Galicia con ese veto seu ao Estatuto de Galicia? E repítoo, porque hoxe aquí quedou claramente demostrado que había tres posicións en canto ao financiamento, e hoxe en día quedou demostrado, e vostede dicía: non sei qué pactos PP-PSOE que vostedes se negaban; é dicir, ¿verdade?, non había a posibilidade de chegar a un novo estatuto porque quen conformaba o Goberno non tiña un proxecto único de país, e vostedes vetaron ese estatuto para ter unha estabilidade e continuar no Goberno, e iso mesmo farían por Galicia se hoxe en día seguiran vostedes no Goberno: venderían a Galicia pola súa estabilidade, olvidándose do que eran os intereses dos galegos.

Pois ben, a seriedade que amosou o señor Feijóo nós quixéramos que a tivera asumido tamén o Partido Socialista,

porque si, señor Vázquez, a actitude do señor Feijóo contraponse á súa e á o do seu partido. Mire, mentres a representante socialista apoiaba as alegacións de Galicia, e conxuntamente todos iamos alegar aquel luns, despois do domingo pola tarde, que envían os documentos, vostede estaba dicindo que estaba pechada a negociación, que estaba rematada, e hoxe aquí vén a recoñecer que o luns se daban 20, 100 ou non sei cantos millóns. ¿Estaba rematada ou non estaba rematada? ¿Sabía vostede algo ou non o sabía? ¿Como é posible que vostede, se quere defender os intereses de Galicia, lle estea dicindo a un goberno galego que todavía ten que negociar no Consello de Política Fiscal e Financeira que acepte, que está rematada? Mire, vostede o que actuou foi dun ariete nin máis nin menos do señor Zapatero, pero un ariete unha vez máis que dá na porta de Galicia e que intenta derribar nin máis nin menos o que supón para nós o país, o orgullo de saber defender o noso. Vostede fixo absolutamente todo o contrario.

E cando falamos de estatutos, ¿por que uns se respectan e outros non se respectan? ¿Por que, cando falamos da emigración, o noso Estatuto, no artigo 7, non recoñece as nosas competencias e o que debemos facer en materia de emigración e recoñécese para os cataláns, señor Vázquez? Nin máis nin menos porque vostedes necesitan —e vostede é un socialista máis, aínda que viva en Galicia— vostedes necesitan do nacionalismo catalán os apoios para seguir gobernando, e, ante iso, vende a Galicia. (*Aplausos.*)

Mire, 654, 620 millóns, ¿cal é o interese que ten vostede en defender a posición da ministra? ¿Cal é o interese que ten que ter para Galicia que vostede se aliñe nin máis nin menos que co Goberno de Madrid? Explíqueo aquí, déalle o apoio nin máis nin menos ao señor presidente da Xunta e faga que a ministra cumpra co seu compromiso. Mire, por certo, hoxe vostede falou do 7% de posición relativa, pero é que antes falou do 7,4%. ¿Que pasa?, ¿que lle fallaron as informacións privilexiadas do principio? ¿Fállalle agora ou, en definitiva, o 7,4% ou o sete non sei que por cento?, ¿de que cento? ¿explícanme o cento? Porque non sei se vostedes saben o cento, pero o cento non o sabe todavía ninguén.

Mire, a súa posición, por contraditoria, non é crible, non é crible porque vostede está dicindo que facemos un negocio —ía dicir unha palabrota—, pero un bo negocio, e di que o negociador foi malo. Pois, entón, ¿a que se debe? Porque

vostedes farían un negocio moito peor, porque eu lle digo que o negocio dun modelo insolidario..., sen embargo, a negociación de Galicia foi positiva, positiva porque hoxe en día estamos a falar de 654 millóns, en termos socialistas 620, pero cando vostedes deixaron o Goberno estabamos a falar de 438, e se non fora a posición do Goberno galego non se incluíría un fondo adicional de dispersión e se non fora polo Goberno galego hoxe en día non teríamos o compromiso —que espero que vostede defenda, porque parece que non— de que cando menos non baixemos no que é ese fondo de dispersión para Galicia, e se non fora polo Goberno galego o fondo de insolidariedade que crea este Goberno, que é o Fondo de Competitividade, estaría lastrando o futuro nin máis nin menos das negociacións do FCI. E iso tamén se conseguiu nin máis nin menos que coa negociación, coa firmeza do señor Feijóo, da señora conselleira e de todo o seu equipo.

Mire, vou rematando, señora presidenta. ¿Vostede imaxina unha cámara na que un di que isto é maná e outro di que isto é o peor que lle puideron facer a Galicia? ¿Cal sería a posición máis lóxica de quen ten que interpretar nin máis nin menos que as decisións desta Cámara? A abstención, claro, *(Risos.)* díganmo vostedes. Cun acordo plenario que un di que é boísimo e outro que é malísimo, pois parece que o máis lóxico é situarse no medio e, sobre todo, ¿saben por que?, ¿saben por que no medio neste caso está a virtude? Porque este partido non rematou, e neste partido queda todavía unha comisión bilateral, e queda todavía a posibilidade de conseguir para Galicia máis recursos, e vostedes de novo teñen dúas posicións: ou seguir a criticar o Goberno, apoiar o Goberno de Madrid, apoiar a señora ministra, apoiar o señor Zapatero, seguir querendo a estabilidade do Goberno de Madrid e olvidarse de Galicia ou ben, como o Bloque, estar esperando ese corcho, navegando polas augas, a que de novo as súas insignificantes porcentaxes de voto poidan ser suficientes para poder gobernar en Madrid ou en Galicia. *(Aplausos.)*

Máis nada, señora presidenta.

Señor presidente, ten o apoio do noso grupo para poder continuar co rigor e coa seriedade necesaria para acadar un mellor financiamento para esta comunidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

Réplica do presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas gracias, señorías.

Señor Vázquez, vostede pídeme que actúe como presidente da Xunta. Xa o fixen, non vou apoiar ese acordo de financiamento. Esa é a posición do presidente da Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* non vai apoiar ese acordo de financiamento. Vostede parece que quere que renuncie a 620, segundo as contas súas —é dicir, segundo as contas do secretario de Estado de Facenda, que parece ser que é o seu xefe— ou que renunciemos a 654 millóns de euros, segundo as contas nosas, que supoño, señoría, que a partir deste pleno tamén serán as súas. ¿Ou vostede non nos vai axudar pra conquistar máis de 5.000 millóns de pesetas máis para Galicia? ¿É que vostede, señoría, vai apostar por 620, renunciando a 654? Espero que medite o seu replantexamento e que nos diga á Cámara cal é a postura do Partido Socialista de Galicia, que supoño que non será nin sequera a da vicepresidenta, que aínda está por discutir. De momento, vostede ten a postura do secretario de Estado de Facenda, do secretario de Estado.

Ben, señoría, vostede, ¿que pide?, ¿que Galicia perda dúas veces, co novo modelo de financiamento e adicionalmente cos fondos insuficientes, pero fondos adicionais? ¿Vostede quere que perdamos dúas veces? Eu creo que con unha é suficiente, señoría, por iso eu asumín a responsabilidade que teño e asumín e dou conta á Cámara. Non vou apoiar ese acordo de financiamento; é máis, traballarei mentres teña o apoio da maioría das galegas e dos galegos para mudar ese acordo, para cambiar ese acordo e para facer un acordo novo. Iso é o que lle podo asegurar e esa é a miña postura. *(Aplausos.)*

Señoría, vostede emprázame aquí para ver onde vou gastar eses fondos adicionais. Xa llo digo, vostede quere que o 80% en gasto social. Non, señoría, o 100%, *(Aplausos.)* Vostede está dicindo aquí unha parte; vostede di que Galicia vai recibir 620 millóns de euros, ¿e por que non lle di vostede a Galicia o que ten que devolver? ¿Por que non quere dicirlle a verdade ao Parlamento? ¿Por que non quere dicirlle por

que Galicia ten que devolver, segundo as contas do seu secretario de Estado de Facenda, 1.900 millóns de euros das liquidacións do exercicio 2008 e 2009? ¿Que quere dicir, que nos van dar 620 millóns e que temos que devolver 1.900 millóns e aínda encima temos que renunciar a 620 millóns? ¿Ese é o seu negocio? Señoría, iso non é un negocio a Galicia. ¡Alá vostede o que di!, pero eu estou contando a verdade no Parlamento, para iso vin, e neste momento o plantexamento do Ministerio de Facenda é que as comunidades autónomas devolvamos as liquidacións do ano 2008 e do ano 2009, que, segundo os datos do ministerio, poden acadar 1.900 millóns de euros de devolución. Ou sexa, ¿que vostede, señoría, nos di que Galicia vai recibir 620 e, por outra parte, o seu partido e o seu Goberno nos piden 1.900 e din que isto é o que tiñamos que facer? Non, señorías.

Señor Aymerich, evidentemente, eu non vou asinar iso, pero tampouco vou renunciar aos 620 millóns de euros, porque se aínda encima que temos que devolver as liquidacións mal feitas dos presupostos mal feitos polo Estado, porque foi o Estado o que fixo o presuposto, foi o Estado o que remitiu a previsión de ingresos ás comunidades autónomas, foi o Estado o que dixo que se podía presupostar o 100% e é agora ese mesmo Estado quen nos meteu nunha dinámica presupostaria falsa, a que lle pide ás comunidades autónomas que lle devolvamos o diñeiro que el inaxeitadamente presupostou... Pois eu non vou en ningún caso renunciar a eses 654 millóns de euros, e por iso a miña proposta é non asinar de conformidade e por iso votamos en contra do modelo de financiamento. Si, señorías, si. (*Aplausos.*)

Señoría, cando vostede di que chegamos ao 7,4% de non sei que fondos e ao 7% de non sei cantos fondos... Non, señoría, xa me gustaría. Vostede, por unha parte, négalle á comunidade autónoma 34 millóns de euros e, por outra parte, dille que chegamos ao 7,4%, pero mire, para chegar ao 7,4% necesitaríamos 557 millóns de euros máis. Pero ¿como pode dicir vostede que con 620 millóns de euros chegamos ao 7,4% duns fondos e ao 7% doutros fondos? Non, señoría, nin con 620 nin con 654 nin con 700 nin con 800. Mire, señoría, a porcentaxe na que chegamos é o 6,94%, e esa é a verdade que hai que dicirlle a este Parlamento. Cos datos que temos á disposición baixamos ao 6,94%, que a algúns lles parecerá que practicamente é —e é certo—..., a algúns lles parecerá que isto é o pactado. Non, o pactado era o 7,1%.

Por iso, señoría, creo que debe vostede de meditar, porque realmente a vicepresidenta económica do Goberno, antes do Consello de Política Fiscal e Financeira, chamoume, e dos 594 millóns de euros comprometeu entre un 5% e un 8% máis no ano 11, e iso dá 620, a súa cifra. E adicionalmente comprometeu 34 millóns de euros para a dispersión. E é certo que me preguntou se iso era suficiente para votar que si, e por suposto díxenlle que iso é insuficiente para que Galicia se venda por 34 millóns de euros; por suposto que si, señoría. (*Aplausos.*)

Señoría, creo que hai que aclarar a posición de cada un, e eu teño o fax que acredita ás doce horas trinta e un minutos do día do Consello de Política Fiscal e Financeira onde a vicepresidenta me di que os fondos de dispersión non baixaron senón que se incrementaron, e pra ter esa fórmula e esa cuestión plantexa 100 millóns de euros máis para todos, 34 para Galicia. ¿Vostede cre que imos renunciar a esta proposta simplemente por votar abstención? Non imos renunciar. Pois, se non imos renunciar, pídlle ao Partido Socialista que me axude para conquistar o diñeiro que está comunicado á Comunidade Autónoma ás doce e media, antes do Consello de Política Fiscal e Financeira. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, creo que estes temas son o suficientemente serios como para non andar chalaneando con 34 millóns de euros: se chos dou vótasme que si e se non me votas, non chos dous.

Isto son criterios, e os criterios, señoría, non se dan en función da votación de cada comunidade autónoma, os criterios son os principios que regulan un pacto de Estado, e os pactos de Estado, señoría, son para cumprilos. Se a vicepresidenta económica considera que os fondos de dispersión da Comunidade Autónoma non baixaron, e nós temos datos que acreditan que baixaron, negociaremos, e por iso estou de acordo, neste punto, co voceiro do Bloque Nacionalista Galego, onde dicimos que isto aínda non rematou, que aínda queda por pechar na Comisión Mixta, e espero, señoría, o seu apoio.

Señoría, Valencia mudou o estatuto, e Castela e León tamén, e sen embargo non tiveron en conta o que dicían os seus estatutos á hora do financiamento, ¿para que lles valeu, señoría? Sen embargo Extremadura, Cantabria e o Principado de Asturias non teñen novo estatuto, e eses votaron que

si, ¿que quere dicir, señoría, con isto do novo estatuto?, ¿que as comunidades autónomas que mudaron o estatuto votaron que non e as que non o mudaron votaron que si e a culpa é do estatuto? Señor Vázquez, pídlle por favor un pouco de rigor nas comparacións e nos plantexamentos.

O compañeiro do Partido Popular, o voceiro, dicíao moi claro, no estatuto noso está a galeguidade e a emigración desde 1981, e os custos da galeguidade e da emigración son cero, nun plantexamento que o que plantexa basicamente é a poboación de cada comunidade autónoma.

Mire señoría, voulle seguir explicando porque este plan, esta proposta non é boa para Galicia, e vostede seguro que no fondo está de acordo comigo, e tiña dúas posibilidades; hoxe colleu unha, tiña outra possibilidade. Eu creo que fixen unha proposta bastante razoable facendo unha descrición dos aspectos positivos sen eliminar algúns aspectos que teñen como positivos o acordo, e por suposto, señoría, vostede e eu sabemos que este acordo non é bo para Galicia, e vostede debería dicilo aquí, non pasa nada, vostede pódeme preguntar ou vostede pódese responder por que a ponderación de poboación de menor de dezaseis anos ten un peso do 20% na poboación axustada, ¿por que?, por primeira vez, ¿Por que por primeira vez se valora a poboación menor de dezaseis anos nun acordo de financiamento? E, ¿por que se lle dá un peso de ponderación do 20,5% cando á poboación maior de sesenta e cinco anos só se lle dá un peso do 8,5%? ¿Por que? Pois porque Andalucía ten a maioría de poboación e porque Andalucía ten un 20,5% menor de dezaseis anos. Esa é a resposta.

Señorías, hai a algúns que lles preocupa Murcia, a min preocúpame Galicia. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, Andalucía ten o 27% de xente moza, o 27%, e iso supón que ese 27% pondera un 20,5% no sistema de financiamento, cousa que nunca ocorrera en ningún acordo de financiamento anterior. ¿Pódeme explicar este parámetro a que se debe? ¿Por que pondera máis a poboación moza que a poboación maior? Por iso nós non podemos estar de acordo con este sistema.

E voulle dar outra resposta, ou outra pregunta que vostede probablemente se faga igual ca min. ¿Por que o criterio de reparto para os recursos adicionais destinados á depen-

dencia non é un criterio en función do avellentamento da poboación? ¿Por que? ¿Cales son os que cobran a Lei de dependencia? ¿Os menores? A Lei de dependencia basicamente vai en función da idade. ¿Por que ese criterio non se adopta e sen embargo se adopta como criterio o número de dependentes recoñecidos a unha data? ¿Sabe por que? Porque unha vez máis Andalucía ten o 29% do total de dependentes recoñecidos a unha data e Galicia o 6,75%.

Señorías, non podemos apoiar este acordo, e non podemos apoialo porque se apoiáramos este acordo non seguiríamos o acordo parlamentario.

Se me pregunta cal é o meu modelo, o do Parlamento. Se me pregunta que foi o que defendemos, os principios do Parlamento. Se me pregunta cales son as cifras que puxemos enriba da mesa, 190 millóns de euros máis que 594 que era a última proposta, que totalizaban 784 millóns de euros, para manter, señoría, o 7,1%.

Se vostedes unilateralmente subiron o 7,8%, iso non foi o que acordou o Parlamento, non, o que acordou o Parlamento por unanimidade é manter a porcentaxe, e vostedes ao saír do Parlamento votaron que si ao 7,1% e fóra reclamaban o 7,8%.

Se eu viñera aquí hoxe co 7,1% para felicitarlos do acordo, ¿vostedes estarían a favor ou en contra, señor Aymerich? As varas de medir teñen que ser para todos igual.

Mire, señor Aymerich, vostede sabe, perfectamente, que eu non tiña ningún inconveniente en votar que si, e iso díxenllo ao presidente do Goberno de España e díxenllo á vicepresidenta Económica, e como llo dixeran á vicepresidenta Económica plantexábame se con 34 millóns de euros máis, máis outros 30 máis, arranxábamos. Se se puxeran os 190 millóns de euros que pretendía Galicia, Galicia votaría que si, e como non se puxeron, Galicia non vai votar que si; pero por suposto Galicia non vai renunciar a 654 millóns de euros, esa é a postura que nós mantemos, e esa é a postura que me parece máis axeitada.

Mire, eu cóllolle o seu ofrecemento de seguir negociando ata o último día da Comisión Mixta. Creo que iso é bo para Galicia, e no que é bo para Galicia non teña vostede ningunha dúbida que nos imos atopar. O que si creo, señor

Aymerich, é que vostede debería de aclararse, porque a reflexión que acaba de facer o meu compañeiro, o portavoz do PP, é unha reflexión que se está preguntando toda Galicia, ¿que ocorrería se o Goberno bipartito estivera gobernando en Galicia?

¿Que en vez de rexeitamento intelixente o ían chamar cooperación intelixente? ¿Señoría, que en vez de non apoiar o sistema, vostedes apoiarían cun si no Consello de Política Fiscal e Financeira este sistema con base na cooperación intelixente? Pois, mire, nós non apoiamos este modelo en base aos principios pactados no Parlamento de Galicia. E por iso, señor Aymerich, creo que debe vostede de aclararse. Mire, os seus dous socios electorais votaron que si, e vostedes din que hai que votar que non, ¿como explicamos isto?

O Partido Socialista Obreiro Español galego, co que gobernan vostedes as sete cidades e as dúas deputacións, vota que si, e vostedes votan que non porque son galegos e por iso gobernan no mesmo goberno. Non, señoría, iso non o cre ningún. *(Aplausos.)* Iso, non o cre ningún, ningún, señoría.

Mire, señoría, creo honradamente que estamos ante un modelo que non beneficia o país, e por iso non pode ter o visto e prace do Goberno da Xunta; creo que estamos sendo responsables, porque vir aquí e adoptar a postura do non, como vostede se pode imaxinar, era o máis fácil, o máis sinxelo, pero a política non consiste no máis sinxelo e no máis fácil, a política consiste en favorecer o posible acordo para fondos adicionais e o rexeitamento do modelo porque prexudica o país.

Mire, señoría, eu non mudei de criterio, de 438 millóns de euros pasamos a 650, 200 millóns de euros é unha contía creo que importante. Para algúns parécelles suficiente, e por iso me recriminan que non votara que si, e para outros parécelles insuficiente e recrimínanme que votara que non, o problema é que os mesmos que me piden que vote que si e que vote que non están gobernando xuntos nas institucións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Posibilidade de apertura dunha rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señor presidente, eu voulle dar un compromiso, compromiso que xa llo dei no seu día, que é o compromiso do apoio do Partido Socialista de Galicia para negociar en Madrid cousas boas para Galicia: financiamento; pero voulle dicir con claridade, para o que non ten o apoio do Partido Socialista de Galicia é para mentirlles ás galegas e aos galegos, *(Aplausos.)* que é o que acaba de facer vostede.

Vostede e a señora conselleira sabían expresamente que o financiamento era o que era, e por facer o titular do día seguinte, casualmente coincidente: “*Se abstienen porque lograron 64 millones nada más*”. Non, vostedes mentíronlle conscientemente a Galicia dicindo que había o que non había por un bo titular. Un titular, señor Feijóo, un titular máis, un titular nun medio de comunicación, que lle vou dicir unha cousa tamén con cordialidade e con tranquilidade, vostede pode vivir de titulares e de portadas dos periódicos, Galicia non vive de titulares nin de portadas nos periódicos, vive de euros e de realidades políticas, *(Aplausos.)* e vostede sabe, e recórdollo, que expresamente a conselleira no Consello de Política Fiscal e Financeira preguntou se había 100 millóns de euros máis no modelo de dispersión, e expresamente se lle dixo que non, e a pesar de todo dixerón que si.

En todo caso, quedelle claro, apoio para conseguir máis diñeiro, señor Feijóo, quedelle claro, apoio para conseguir non 654, senón 854, conte co apoio todo noso. Para mentirlles aos galegos non conte co apoio do Partido Socialista de Galicia. Esa é a gran diferenza, que vostede está contando en cada sitio unha cousa.

Mire, eu creo que vostede estivo facendo aquí, e o seu portavoz do Partido Popular, pois o que puido. Vostede ten que explicar cousas que son absolutamente contraditorias, que agora digo que si, mañá que baixo ningún concepto, pasado que xa veremos, a ver que me dan se me absteño, e vai conseguir unha cousa moi curiosa, que é pasar por todos os estadios: previamente no Consello de Política Fiscal e Financeira vaise abster, xa se abstivo; no Congreso dos Deputados vai votar en contra, porque vai votar en contra; e

na Comisión Bilateral vai firmar e aceptar favorablemente ese acordo.

Eu creo que de coherencia, señor Ruíz Rivas e señor Feijóo, vostedes coherencia non teñen ningunha, vostedes o que están saíndo é co diñeiro correndo e ao mesmo tempo facendo unha confrontación política co Goberno central.

Eu remato por onde empecei, hai un goberno no Estado que pon 11.000 millóns de euros nun fondo adicional para mellorar a calidade de vida dos homes e das mulleres deste país, que fai un modelo de financiamento para toda España onde se corrixen agravios comparativos históricos que tivo Galicia no concepto de dispersión, no concepto de envellecemento, neses conceptos que nos van dando unha clara melloría, pero que evidentemente non son suficientes e queda un recorrido que temos que seguir traballando nel.

Pero evidentemente este modelo é moito mellor que o modelo do Partido Popular existente, e a proba é que non hai nin unha soa comunidade do Partido Popular que votara en contra no Consello de Política Fiscal e Financeira. Pero sen embargo vostedes veñen aquí, señor Feijóo, facer ao que xa nos teñen acostumados estes cen días, que é que vostede quere e necesita estar repicando e na procesión, e non se pode repicar e ir na procesión, non se pode estar no bo, no regular e no malo. Vostede acepta como presidente da Xunta de Galicia este modelo, pero vostede vaino aceptar e vaino firmar, pero a iso que vostede lle chama un rechazo intelixente antes no meu pobo chamábaselle cinismo, ¿sabe? Iso de rechazo intelixentemente, (*Aplausos.*) non, iso é ser un cínico, que é dicir unha cousa e a contraria; e vostede necesita quedar ben con Génova, quedar ben con Galicia, quedar ben cos homes e mulleres deste país.

Mire, non se pode estar en todos os sitios, señor Feijóo, hai que gobernar, hai que tomar decisións, e neste momento Galicia vai contar con 620 millóns, creo eu, pero, en todo caso, con 620 máis o apoio do Partido Socialista, para que vostede nesa negociación bilateral consiga todo o que poida, e aí nos vai atopar a nós arrimando e apoiando. Pero, en todo caso, as arcas do Estado, van ter un fondo maior. En todo caso, tamén lle digo, eses 1.900 millóns de euros... É que, claro, falar disto en cinco minutos é imposible. Iso é o froito do modelo de financiamento do Partido Popular que tiña este país, é o froito do modelo de financiamento que tiña este país, por iso é

que a vostedes agora non lle vale o vello nin lle vale o novo, vostedes non queren falar diso. Miren, teñen un problema nas contas, pero o principal problema nas contas que ten o Goberno galego non é o novo modelo de financiamento, é que contaron tantas mentiras, conselleiro, contaron tantas mentiras, que xa nadie lle cre nada. Sobraban, faltaban, 1.200 de menos, 1.200 de máis, 650. A vostedes, nas cifras económicas deste país, xa nadie lle pode crer nada porque nunca din a verdade, sempre deseñan o discurso que lles fai falta.

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Pero a realidade é moi contundente. Temos un modelo, que implementan 620 millóns, queda moito recorrido para traballar, fundamentalmente no que eu creo que é fundamental, que é no Fondo de Compensación Interterritorial, que nos corrixa ese desequilibrio demográfico estrutural que temos nós.

En todo caso, eu só lle pido unha cousa, e remato con ela. Señor Feijóo, hai que escoller, hai que escoller, cos de arriba, cos do medio e cos de abaixo, non se pode estar en todos os sitios. E vostede xa escolleu, vostede vai firmar un bo modelo de financiamento para Galicia, un modelo que lle dá ás arcas das comunidades autónomas máis de 600 millóns de euros –620 fixos, mais o que vostede consiga lograr, e conta co noso apoio–. E, por favor, non faga un discurso de partido cando hoxe lle toca facer un discurso de presidente deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Feijóo, facía vostede un exercicio de política ficción dicindo e ¿que faría o Bloque se estivese no bipartito no

sistema de financiamento? Bueno, asegúrolle que nestes meses aprendemos moitas cousas e intentaríamos aplicalas aí, de verdade que si. Pero esa non é a cuestión, esa non é a cuestión. Se imos aos precedentes, ¿que fixo o Bloque o 24 de outubro do ano 2001, cando se votou no Congreso dos Deputados o seu sistema de financiamento que padecemos agora? O Bloque votou en contra. Vostede e outros votaron a favor, nós en contra. Ese sistema que dicía Aznar que era eterno, eterno, como certos valores; era eterno e houbo que revisalo aos catro anos. Si, si, ¿mellor para nós? Bueno, pois dese sistema vén este, porque este, señor Feijóo... Non me interrompa, señor presidente, grazas. Este sistema, señor Feijóo, non é máis que unha revisión do seu, do seu sistema. Ben, pero de verdade intentemos sacar algo positivo deste debate. Intentemos marchar para casa e darlles aos galegos algo de esperanza. Eu creo que por aí.

A verdade, señor Ruíz Rivas, eu non lle vou entrar tampouco, en fin, nese combate, que é ao que vostede nos empraiza, pero só convidalo a que as enerxías que empregan en combater o BNG, en combater o nacionalismo, de verdade, que as apliquen en negociar un bo sistema de financiamento para Galiza, que mellor nos iría a todos, de verdade que si.

Miren, eu creo que tanto o señor Ruíz Rivas como o señor Feijóo deron a clave. O señor Feijóo dixo: Claro, é que este sistema é un sistema condicionado por forzas políticas de escasa relevancia pero moi reivindicativas. E o señor Ruíz Rivas o outro día, nunha entrevista na Televisión de Galiza, dicía o mesmo, é que está condicionado por un Estatuto, o de Cataluña, e claro, son poucas as forzas nacionalistas alí, pero é que son tamén moi ambiciosas e moi reivindicativas. E ¿por que vostedes non son máis ambiciosos e máis reivindicativos, señor Feijóo? ¿Por que non? (*Aplausos.*) ¿Por que vostedes se limitan, cando van a Madrid, a calar a boca? ¿Por que vostedes se limitan a facer o que lle ordene Mariano Rajoy, igual que outros tamén actúan como representantes de Ferraz? ¿Por que? ¿Por que non actuamos, de verdade, defendendo os intereses deste país, cumprindo o acordo parlamentario que aprobamos entre todos, as liñas vermellas que marcamos entre todos, e iso conduciría a que no Consello de Política Fiscal e Financeira o voto non fose unha abstención, fose que non. Porque, señor Feijóo, sexamos claros e sexamos rigorosos, no Consello de Política Fiscal e Financeira non se está asinando nada. Que Galiza vota-

se que non no Consello de Política Fiscal e Financeira non supuña renunciar a nada, vostede sábeo. ¿Por que se abstivo, entón? Ao revés, se votase que non, tería agora... –porque, efectivamente, eu coincido en que non rematou o partido– unha posición de negociación máis forte, máis firme, para seguir negociando nos minutos que faltan. Pero vostedes abstivéronse porque Mariano Rajoy –e vólvollo dicir, *El Mundo*, 16 de xullo do ano 2009– llo impuxo. Foi Mariano Rajoy quen dixo que había que absterse, igual que é Mariano Rajoy o que di que é bo que as caixas galegas sexan absorbidas por caixas de fóra, por exemplo Caja Madrid, ¿verdade, señor Feijóo? E vostede non ten nada que dicir a ese respecto.

Pois mire, nós neste momento o que lle plantexamos é unha cousa: Que actúe de verdade defendendo os intereses de Galiza, que cambie de actitude, porque o Goberno español... Mire, ningún galego sensato vai esperar que o Goberno español lle resolva os problemas, nin o de antes, nin o de agora, ningún. Depende de nós, depende de nós, depende do que faga o Goberno galego, e o Goberno español é como os cans, cheira o medo. Se vostede non defende a lingua deste país; se vostede non ten ambición de incrementar o autogoberno deste país; se vostede non quere que Galiza conte cun novo Estatuto; se vostede non quere ter máis financiamento para incrementar a gratuidade de libros de texto, servizos, e as prestacións públicas, ¿por que razón o Goberno español vai pensar que vostede quere un mellor sistema de financiamento para Galiza? ¡Claro que non! Cheiraron o seu medo, cheiraron a súa entrega e cheiraron, señor Feijóo, a súa covardía. Unha moi mala actitude para ir negociar a Madrid; unha moi mala actitude. Porque vostede aquí é moi valente: É que eu lle dixen a Zapatero... Non, a prensa di que vostede con Zapatero foron todos parabéns. Iso si, ao día seguinte, con 600 quilómetros polo medio, todo críticas, pero non ten o valor de dicirlle as cousas á cara. Igual que non ten o valor, neses dous días da semana que bota en Madrid, de dicir alí tamén claramente o que a Galiza lle interesa, sempre di o que en Madrid queren ouvir, e así nos vai, así nos vai.

En cen días, señor Feijóo, o seu primeiro grande fracaso, non está á altura deste país. Non foi capaz de traer a este país o sistema de financiamento que Galiza precisa. Sen cartos e ademais sen honra, consumando o descenso á serie zeta rexional.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Señora presidenta.

Señorías, eu creo que hoxe quedou ben claro que o modelo que estamos a discutir é froito da chantaxe, e que ademais todo o proceso de negociación foi unha auténtica chantaxe. Aquí se falou de revisión do modelo do Partido Popular. De revisión nada, novo modelo baixo a chantaxe de 11.000 millóns de fondos adicionais. Pero ben, este proceso non rematou, e nós vamos seguir traballando, apoiando o Goberno galego para que, coa mesma seriedade e rigor que tivo ata o día de hoxe, poida conseguir para Galicia os mellores números e os mellores logros nesta negociación.

Señor Vázquez, a min non me cabe a menor dúbida de que a vostede o adornan multitude de cualidades, pero eu creo que a da prudencia non é unha delas. Eu creo que en todo neste proceso, se algo demostrou vostede, é que ten de todo menos prudencia, porque cando nós saímos o luns de falar coa señora conselleira, se mal non me acordo, falabamos de 590 millóns. E vostede, naquel mesmo momento, estaba dicíndolle a este Goberno que estaba rematado o proceso e que aceptara aquilo e, no peor dos casos, incluso cos seus cálculos, porque vostede creo que foi a única persoa que logrou desvelar o secreto de Fátima que o señor Barreda dicía que era o financiamento autonómico, e vostede foi o único que logrou desvelar, ¿verdade?, xa antes de que rematara o proceso, cal era ese secreto.

Pois ben, xa que vostede falaba de titulares, ¿cal sería o titular, de facerlle caso a vostede? O señor Feijóo fíxolle caso ao señor Vázquez e non vén para Galicia con 654 millóns, conseguiu 590. Ese sería o titular, se lle fixeramos caso a vostede.

Mire, o señor Zapatero, de economía, creo que lle dedicou dúas tardes, e eu dígolle á señora Caride que con vostede empregue, cando menos, tres. Porque, claro, meterse entre demografía e Fondo de Compensación Interterritorial é algo bastante perigoso, pero non saber que o Goberno ten

que dar dación de contas das modificacións presupostarias trimestralmente, pois tamén vostede pida o que queira, pero ademais por acordo deste Parlamento e por lei, pois xa llo teñen que facer. Polo tanto, eu o que si lle digo a vostede é que cando un fala dunha cousa e da contraria, podíase mirar no espello. Este proceso rematou, este proceso non rematou. Agora temos o 7,4, hoxe temos o 7 ou mañá temos o 7,1.

Polo tanto, se algo resulta contraditorio, é nin máis nin menos que vostede e a súa actitude. Pero hoxe nos quedou algo claro, xa sabemos onde van estar vostedes. O Bloque, como sempre, un corcho á deriva, pero vostedes van estar claramente posicionados en Ferraz e posicionados en Madrid. Isto xa pechou, nós lle vamos dar o visto bo ao señor Zapatero, quedamos con estabilidade presupostaria, aguantamos dous anos máis, e despois Deus dirá.

Témolo ben claro, pero tamén o señor Feijóo neste momento ten algo que vostedes non tiñan cando gobernaban. Non só o apoio de 38 deputados que unanimemente saben o que queren e dependen dun só proxecto, porque iso chámase estabilidade de Goberno, estabilidade política, estabilidade parlamentaria. Se iso o dixera e o tivera o señor Zapatero, hoxe non estaríamos padecendo o que padecemos. Pero se iso non o tivera Galicia, como non o tiña, hai 100 días, ¿que estaríamos hoxe a discutir aquí? ¿Vostedes volveríanse pregar, como se pregaron unha vez máis, aos intereses do PSOE de Madrid para conservar a poltrona? ¿Vostedes estarían defendendo hoxe que eran boísimos os 438 millóns que lles daban? ¿Vostedes estarían dicindo que agora si que co Estado hai cooperación intelixente e agora si que nos respecta Madrid? ¿Iso é o que estarían dicindo? Porque vostedes foi o que dixeron, unha e outra vez, apoiando o señor Zapatero, os presupostos e a súa señora ministra.

Mire, eu non combato o nacionalismo, este grupo non combate o nacionalismo, combate a insolidariedade. A súa e a dos seus amigos cataláns, ¿verdade?, que pensan nin máis nin menos no seu e olvídanse do resto, dos demais. Esa insolidariedade que leva a querer levar o que máis ten, ¿verdade?

Polo tanto, mire, cando din que lle cheiraron o medo—díciálle vostede ao señor Feijóo, a vostede cheiráronlle o medo—, ¿sabe o que estaba dicindo o que era o seu socio ata hai cen días? Non te fagas o valente, Feijóo, acepta. E vostede di que lle cheiraron o medo. (*Aplausos.*)

Mire, isto non acabou, queda a Comisión Mixta, queda partido por xogar, e o que lle pido é que se olviden unha vez máis de Ferraz, de todo o que sexan intereses alleos a Galicia, e que apoiem o seu Goberno como nós estabamos apoiando o Goberno do señor Touriño mentres tivo que defender a posición de Galicia –si, si– no financiamento. Xa lle dixen que tivemos a lealdade que non tivo o señor Zapatero, nin máis nin menos, que de continuar coas esixencias e as demandas de Galicia. Grazas a Deus, hoxe en día Galicia volveu poñer a cada un no seu sitio, gobernan os que dan estabilidade, os que poden defender os intereses de Galicia, e os que non temos ningunha outra débeda que non sexa con todos eses galegos que nos volveron levar ao Goberno e aos que imos defender. (*Aplausos.*)

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

Dúplica do presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo. Ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Vázquez, vostede fala de que mudan as posicións –permítame citalo–. Apoio para negociar sen présa, ánimos para defender a postura común de Galicia; iso dicía vostede ata o domingo. En canto recibimos o primeiro papel, o señor Vázquez, o modelo é magnífico, e a actitude da Xunta de Galicia contraria aos intereses de Galicia. Agora di o señor Vázquez que nos corresponden 620 millóns, renunciando a 34 millóns que –insisto– o Goberno comprometeu.

Señor Vázquez, vostede, e o secretario de Estado que o mantiña informado constantemente, do que non o mantivo informado foi da conversa entre a vicepresidenta e mais eu. E esa conversa ten un reflexo documental. E cando nós dicíamos que os fondos de dispersión diminuían, a vicepresidenta insistía en que non diminuían. E para probar que non diminuían, remite ás doce trinta e un dese día o fax, onde o acredita. Permítame que lle lea simplemente dúas liñas: “*La Comunidad Autónoma de Galicia ha manifestado que la dispersión se valora más en el modelo actual que en la pro-*

puesta que ha conocido”. E di: “*Para clarificar esta cuestión hai que determinar el peso de las masas en el 2006, y este es el siguiente,*” e o seguinte, señoría, son con 100 millóns de euros máis, 34 millóns de euros que lle corresponden a Galicia. Señoría, esta é a literalidade do fax. ¿Como que non, se o teño aquí? (*Aplausos.*) Está aquí a literalidade do fax.

Señoría, se a discusión é... Á súa disposición señoría, á súa disposición. Fax remitido pola vicepresidenta ao presidente da Xunta e fax remitido polo secretario de Estado á conselleira de Facenda simultaneamente. E a resposta do presidente da Xunta de forma inmediata, contestándolle que, aínda así, con ese diñeiro non chega para manter os fondos de dispersión.

Pero eu volvo insistir. Creo que este pleno serve para dicir –polo menos pola nosa banda e por algún voceiro que o dixo, non sei se timidamente ou non– que isto aínda non rematou. E vostede me di que temos 620 millóns de euros mais o apoio do Partido Socialista. Supoño que o apoio do Partido Socialista polo menos serán 34 millóns de euros, señoría. Polo tanto, 654 millóns de euros é o que vai defender Galicia na Comisión Mixta, e para iso reitero o apoio que pido explicitamente aos grupos parlamentarios do Parlamento galego, tanto ao Bloque Nacionalista Galego como ao Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Pero mire, cando vostede nos acusa de mentir simplemente por trasladar un documento oficial, recórdolle, señoría, que non me contestou, dixo que non tiña tempo para falar dos anticipos, da devolución dos anticipos. Señoría, ¿é certo ou non que o ministerio está plantexando que temos que devolver as liquidacións dos tributos do ano 2008 e do 2009? ¿É certo ou non é certo? ¿É certo que o ministerio está solicitando uns 1.900 millóns de euros de devolución da Comunidade Autónoma? ¿É certo ou non é certo? ¿Quen mente aquí, señoría?

Non estamos falando de 34 millóns de euros, estamos falando de 1900 millóns de euros a devolver en catro anualidades. Señoría, dicir que isto é por culpa do anterior acordo é dobremente falso. O que é falso son os presupostos do Estado do ano 2008 e do ano 2009. O que é falso é prever uns ingresos por riba da recadación real. E a falsidade do Goberno de España levou ao Goberno da Xunta de Galicia a

volver presentar outros presupostos falsos. Señoría, isto é o que Galicia ten que saber. E vostede non pode defender isto, e sábeo exactamente igual ca min. Pero, por se isto non era pouco, a falsidade do Goberno de España, vostedes insistiron na falsidade. E por se isto non era pouco, señorías, cando falan de mentir, un pouco de respecto. Miren, o presuposto que vostede presenta aquí, ademais das previsións falsas do Goberno de España, vostedes as incrementan con máis previsións todavía enganosas.

Desde esta tribuna tiven a ocasión de referirme ao presuposto do ano 2009 e adiantar que estaba cheo de buratos e de enganoso. Mire, señor Vázquez, voulle recordar só catro das súas mentiras económicas. Vostede plantexou un crecemento económico do ano 2009 do 1,3%, e estamos nun decrecemento do 2,5%. Vostede plantexou que ía manter o emprego, e estamos con 20.000 afiliados menos á Seguridade Social. Vostede plantexou que íamos recibir non soamente o que o Estado nos dicía que íamos recibir, ¡falso!, senón incluso un anticipo de 270 millóns de euros positivos, e resulta que recibimos cero. E vostede plantexou un incremento dos tributos propios e dos tributos cedidos e ten un burato esa partida de 220 millóns de euros. Aquí están, señoría, os 600 millóns de euros falsos no presuposto de ingresos e os 600 millóns de euros falsos no presuposto de gastos, o que totalizan os 1.200 millóns de euros de burato presupostario. Aquí están señoría. Isto non é unha mentira, lamentablemente isto é unha verdade que lastima a economía galega.

Señorías, eu invito a seguir negociando, creo que vale a pena. Vostedes saberán o que fan, eu teño moi claro que non vou renunciar a 654 millóns de euros, e aínda encima devolver o que a Xunta gastou no ano 2008 e presupostou no ano 2009, e aínda encima, señoría, dicir que o que temos que facer é estar a favor deste acordo.

Señor Vázquez, eu non vou estar a favor deste acordo. Seica é un bo acordo, segundo vostede. É sorprendente. E permítame que cite o voceiro do Grupo Parlamentario Popular: É sorprendente que un bo negocio tivera un tan mal negociador. É sorprendente. Pois mire, non o considero un bo negocio para Galicia. Probablemente se podería negociar mellor, iso o futuro só o dirá. O que si lle digo é que vostede, se estivera no meu lugar, votaría que si, e eu non vou votar nunca que si a un plantexamento que prexudique o país. Non, por suposto que vou recoller... (*Aplausos.*) Por suposto, seño-

rías. O que me están plantexando, señoría, é que renuncie dúas veces a un mal acordo para o país. Quere dicirse, señoría, que cando vai un cobrar unha prestación, no ámbito dos servizos sociais ou no ámbito do desemprego, ¿ten que rexeitala por insuficiente? Señoría, un pouco de respecto e de sentido común. Se vostedes están plantexando formalmente que non asinemos os 620 millóns de euros, os 654, dígaos. Un pouco de respecto e un pouco de sentido institucional.

Este acordo é malo para Galicia e o sabemos todos, señoría; e Galicia necesita os 650 millóns de euros e o sabemos todos. E como o sabemos todos, esa é a posición do Goberno: Non rexeitar o financiamento insuficiente e reivindicar que o financiamento segue sendo insuficiente e insolidario para o país. (*Aplausos.*) Ese é o noso posicionamento, e ímolo plantexar.

Miren, señorías, creo que a frase do líder do BNG –perdón, do voceiro do BNG– era suficientemente clarificadora. ¿Que fariamos, dicía o señor Aymerich, se estivésemos no Goberno? Era unha pregunta que eu facía. E dixo vostede: Mire, co que aprendemos nos últimos días, houberamos tomado nota. Si, señor Aymerich, o que pasa é que vostedes non aprenderon ata que perderon as eleccións. Se houberan aprendido antes, seguro que nunca votarían que si os presupostos do Estado, a todos os que presentou o señor Rodríguez Zapatero. Non unha vez, non foi unha abstención, non foi un non, foi un si continuo, constante, que seguiría per saecula saeculorum, amén, mentres tiveran vostedes o acordo do bipartito. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, cando vostede me di que isto é produto das forzas ambiciosas e non representativas, é certo, vostede as coñece mellor ca min, foi o seu socio nas eleccións europeas. Esquerra Republicana de Cataluña, señoría, dicía claramente que estaban fartos do espolio fiscal de Cataluña, namentres daban mitins e ían vostedes en coalición electoral. Esquerra Republicana de Cataluña dicía que xa está ben de que o Estado esquilme a Cataluña. Ese era o seu socio electoral, señor Aymerich. ¿Agora como é posible que vostede diga que isto non é razoable, cando o seu socio electoral dicía claramente que o modelo de financiamento tiña que acabar coa solidariedade interterritorial?

Mire, señoría, se tivésemos que concretar os ingredientes deste pacto, está moi claro: un nacionalismo insolidario e un

socialismo dependente, eses son os ingredientes deste pacto. Un nacionalismo insolidario que ten os votos no Congreso dos Deputados para darlle estabilidade parlamentaria ao Goberno en minoría do Partido Socialista. E un socialismo dependente, porque, non nos olvidemos, para que o señor Rodríguez Zapatero teña presupostos no ano 2010, poida presidir a Unión Europea no ano 2010, e poida seguir sendo presidente no ano 2010, necesita os 25 votos do Partido Socialista de Cataluña. E esta é realmente a explicación do financiamento, e esta é exactamente a explicación do que aquí ocorreu.

Poderemos seguir botándonos as culpas entre os galegos; poderemos seguir menosprezando o Goberno de Galicia; poderemos pensar que o que hai que facer é votar que si, como plantexa o Partido Socialista de Galicia, ou votar que non, como plantexa o Bloque Nacionalista Galego. O que pasa é que os cidadáns da rúa non entenden por qué as forzas políticas galegas non fan o que teñen que facer, e o que teñen que facer, señorías, é non subscribir este acordo,

rexectar este acordo, por suposto non renunciar aos fondos adicionais que supón, e traballar de forma inmediata para que na Comisión Mixta poidamos mellorar –un pouco, pero mellorar– o acordo de financiamento. E digo máis, para traballar dende o Parlamento de Galicia, espero que coa unanimidade do Parlamento, para modificar, para modular, para cambiar e para facer un novo acordo de financiamento. Iso é o que nos piden os galegos e as galegas, e iso é o que eu farei namentres sexa presidente da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás dúas da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	PSdeG-PSOE
2.- Adán Villamarín, Carme	(BNG)
3.- Álvarez-Campana Gallo, José Manuel	(PP)
4.- Arias Rodríguez, Raquel	(PP)
5.- Arias Veira, Pedro	(PP)
6.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
7.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
8.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
9.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
10.- Barcón Sánchez, Mar	PSdeG-PSOE
11.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
12.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier	(BNG)
13.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
14.- Burgo López, Concepción	PSdeG-PSOE
15.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
16.- Caride Estévez, María José	PSdeG-PSOE
17.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
18.- Cerviño González, Francisco	PSdeG-PSOE
19.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
20.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
21.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	PSdeG-PSOE
22.- Fervenza Costas, José	(PP)
23.- Fraga Santos, Silvia	PSdeG-PSOE
24.- Gallego Calvar, Carmen	PSdeG-PSOE
25.- Gallego Lomba, Manuel	PSdeG-PSOE
26.- García López, José Antonio	(PP)
27.- García Pacín, María Isabel	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Lage Tuñas, José Manuel	PSdeG-PSOE
30.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
31.- López Abella, María Susana	(PP)
32.- López Campos, José	(PP)
33.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
34.- López Vidal, Pablo Xabier	PSdeG-PSOE
35.- Losada Álvarez, Abel	PSdeG-PSOE
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo	PSdeG-PSOE
38.- Méndez Romeu, José Luís	PSdeG-PSOE
39.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
40.- Novoa López, Enrique	(PP)
41.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
42.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
43.- Pardo López, Carmen	(PP)
44.- Paz Franco, Tereixa	(BNG)
45.- Pérez Touriño, Emilio	PSdeG-PSOE
46.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
47.- Pose Mesura, Modesto	PSdeG-PSOE
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintana Carballo, Rosa	(PP)
51.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
52.- Quintas Álvarez, María	PSdeG-PSOE
53.- Rego González, Ismael	PSdeG-PSOE
54.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Seara Sobrado, Laura	PSdeG-PSOE
64.- Sestayo Doce, Beatriz	PSdeG-PSOE
65.- Soneira Tajés, María Soledad	PSdeG-PSOE
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, María Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	PSdeG-PSOE
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	PSdeG-PSOE
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	PSdeG-PSOE
74.- Verdes Gil, Sonia	PSdeG-PSOE
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25